

## **EROSKI VENDE 160 SUPERMERCADOS PROPIOS NA ZONA CENTRO E SUR, POR 146 MILLÓNS**

- **Os establecementos pasarán a ser propiedade de Día, que subrogará os contratos cos traballadores, polo que non haberá perda de emprego**
- **A venda terá un impacto positivo na rendibilidade do Grupo e permitirá reducir o seu pasivo**
- **A operación englobase dentro do Plan Estratéxico do Grupo para fortalecer os seus negocios prioritarios**
- **A expansión da rede comercial de EROSKI, con 53 aperturas no que vai de ano, seguirá focalizada nas franquías**

**Elorrio, 4 de novembro do 2014.-** EROSKI alcanzou un acordo para a venda dun paquete de supermercados propios formado por 160 tendas na zona centro e sur á cadea de distribución Día, por un importe de 146 millóns de euros. O desinvestimento non terá impacto no emprego xa que os contratos laborais dos equipos serán subrogados ao novo operador. O acordo de venda, para se materializar, require da aprobación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

A cesión destes establecementos permitiralle a EROSKI reducir o seu pasivo e mellorar a rendibilidade global do Grupo, ao desagregar activos que se atopan por baixo dos ratios de eficiencia medios da compañía.

A directora financeira de EROSKI, Rosa Carabel, valorou moi positivamente a operación xa que *"son establecementos que, na súa maioría, non alcanzan os estándares de rendibilidade fixados pola cooperativa"*. Ademais, Carabel sinalou que *"este desinvestimento terá un impacto positivo na rendibilidade de EROSKI a medio prazo"*.

Con esta operación, a cooperativa avanza na estratexia definida no seu Plan Estratéxico, que pasa por lograr un Grupo máis focalizado nas súas fortalezas e máis rendible.

---

### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

### **EROSKI - OFICINA DE PRENSA**

#### **CONSEJEROS DEL NORTE**

ZIORTZA BERISTAIN  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[www.eroski.es](http://www.eroski.es) > [Notas de prensa](#)  
[www.consumer.es](http://www.consumer.es)

Logo desta operación, Grupo EROSKI mantén unha rede comercial no negocio alimentario de 90 hipermercados, 831 supermercados en propiedade e 448 supermercados franquados en toda España. A estratexia de expansión da rede comercial de EROSKI, con 53 aperturas no que vai de ano, está focalizada actualmente no desenvolvemento de franquías, cun modelo altamente competitivo e cunha atraente rendibilidade para os franquados, que constitúe a segunda rede de supermercados franquados de España.

REDE DE HIPERMERCADOS E SUPERMERCADOS DE GRUPO EROSKI

ZONA	HIPER MERCADO	SUPER MERCADO
ZONA NOROESTE Galicia, Asturias	7	308
ZONA NORTE Cantabria, País Vasco, Navarra, A Rioxa	27	337
ZONA NORDÉS Cataluña + Aragón	7	345
ZONA CENTRO Castela León, Castela A Mancha, Madrid, Estremadura	13	39
ZONA LEVANTE C. Valenciana, Murcia	18	
ZONA BALEARES Illas Baleares	2	198
ZONA SUR Andalucía, Ceuta, Canarias	16	52
TOTAL	90	1.279

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA**

**CONSEJEROS DEL NORTE**

ZIORTZA BERISTAIN  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[www.eroski.es](http://www.eroski.es) > [Notas de prensa](#)  
[www.consumer.es](http://www.consumer.es)